

Unidade 9 - Repaso



O mundo

Guerra civil	Guerra entre os habitantes dunha nación.
Conflicto	Combate, loita, liorta.
Desgraza	Suceso que produce dor ou pena.
Explosión	Energía liberada por un artefacto, acompañada dun estrondo.
Radicalización	Cando se desenvolven puntos de vista extremos ou intransixentes.
Paz	Situación en que non existe loita armada.
Forzas armadas	O exército, a armada e a aviación dun país.
Vitoria	Superioridade ou vantaxe que se consegue do contrario.
Guerra mundial	Conflicto bélico entre potencias ou países do mundo.
Resolución	Decisión para solucionar algo.

Unha noticia



RESUMO

Segundo unha noticia apoiada pola Organización das Nacións Unidas, a capa de ozono da Terra está a recuperar-se. A isto contribúe a diminución do uso dos CFC e diversas substancias químicas prexudiciais para o clima.

PALABRAS DIFÍCILES

capa de ozono, combustible fósil, cooperación, daniño, entrada en vigor, sentar un precedente

As siglas e os acrónimos

1. As **siglas** e os **acrónimos** utilízanse para **abreviar un grupo de palabras**.

BCE: *Banco Central Europeo*

2. As **siglas** fórmanse coas letras iniciais. Os **acrónimos** poden empregar outras letras, ademais das iniciais.

LFP: *Liga de Fútbol Profesional*

INTERPOL: *International Police*

3. Nin siglas nin acrónimos levan puntos.
4. As siglas lense letra a letra. Os acrónimos lense como calquera palabra.

LFP: "ele, efe, pe" **INTERPOL:** "interpol"

Os interrogativos e exclamativos

- O **signo de interrogación** escríbese ao final dunha frase ou oración interrogativa.

Cando chegan os tíos?

Pintaches ti eses cadros?

- O **signo de exclamación** escríbese ao final dunha frase ou oración exclamativa, en que expresamos emoción ou sorpresa.

Como me gustan os xeados!

Moitas grazas polo agasallo!

Despois dos signos de interrogación e de exclamación **nunca se escribe punto**.

As parénteses

As **parénteses ()** utilízanse:

1. Detrás dunha palabra que queremos **aclara**r cun comentario.
2. Detrás dun lugar ou momento, para **dar información sobre datas, descrições, onde se atopa...**
3. Nas indicacións para os actores e as actrices nas obras de teatro. Estes textos teatrais encerrados entre parénteses chámanse **anotacións**.
4. Se o texto entre parénteses leva **punto**, este **escríbese fóra da paréntese de peche**.

Voces activa e pasiva do verbo

Usamos a **voz pasiva** cando non coñecemos o suxeito ou non lle queremos dar importancia.

Trazos da voz pasiva:

1. Fórmase co verbo **ser** + o **participio** do verbo da oración en voz activa.
El abraza. (Voz activa)
El é abrazado. (Voz pasiva)
2. O suxeito do verbo en voz activa pasa a ser o suxeito pasivo en voz pasiva.
3. O **complemento axente** (en pasiva) realiza a acción. Leva a preposición *por*.
El é abrazado por André.
complemento axente

Os cómics

Un **cómic** ou **historieta** é a narración dunha historia a través de **escenas que combinan imaxe e palabras**.

- Os cómics contan historias a través de **viñetas**.
- A estrutura dun cómic é: **inicio, nó e desenlace**, como nas narracións.
- **Os diálogos e pensamentos exprésanse con globos**.
- Nas **cartelas**, o **narrador** conta o que acontece.
- Os cómics utilizan certos **recursos gráficos**:
 - omomatopeas
 - símbolos
 - liñas de movemento



Escribir unha noticia

Para **escribir unha noticia**:

1. Recompila os datos que precisas para que a noticia estea completa. Lembra responder a: **quen?, que?, cando?, onde?, por que?, como?**
2. Planifica a orde da información. Lembra escribir un **título**, un **subtítulo**, unha **entrada** e, por último, o **corpo** da noticia.
3. Redacta o texto. Comproba que toda a **información** que inclúches é **obxectiva** e non expresaches a túa opinión.
4. Revisa a **ortografía** e as **marxes**.

